

## AER pide información e o alcalde responde con insultos e descualificacións

No último pleno ordinario, dende AER solicitamos unha **comparecencia** do alcalde coa finalidade de que nos dera **explicacións e información** sobre as seguintes cuestións referidas ao servizo de abastecemento e saneamento municipais, que desenvolve a empresa **Aqualia**:

- *Comprobación das inversións comprometidas: cales se fixeron, cando e custe de cada unha.*
- *Evolución dos abonados nos derradeiros anos.*
- *Canon aportado pola concesionaria ao Concello. De non telo aportado, xustificación dese feito.*
- *Se hai algún estudo en marcha para auditar o servizo desta concesionaria.*

A pesar de que o representante de AER xa anticipou na súa primeira exposición que non esperaba respostas claras, como así foi, o que non nos esperabamos é que as respostas do Sr. Alcalde derivaran en **descualificacións e insultos**.

O Alcalde só resultou bastante claro expoñendo que na súa intención está **manter no futuro o servizo externalizado por conta dunha empresa privada**. Pero **non amosou nin o máis mínimo interese en analizar o incumprimento de Aqualia respecto das súas obrigas**, coas repercusións económicas que puidera ter. A pesar da advertencia do representante de AER, que estima os sobrecustes en centos de miles de euros.

Só analizando a cuestión das inversións comprometidas no contrato, pode que esteamos diante dun sobrecuste importante que o señor alcalde quere pasar por alto. As inversións comprometidas de 458.250.870 ptas (2.749.505€) están a ser cargadas na tarifa dos abonados desde 1997. Cos poucos datos que puidemos recompilar nestes anos, podemos dicir que só coa recadación por este concepto nos anos 2011 e 2015 terían amortizado o 20 % da inversión, só en dous anos. **O peor desta cuestión non é que non se fixera a inversión. O peor é que, fixérase ou non, estamos a pagala.**

Outros datos demostran igualmente que **Aqualia minte nos seus informes** e non pasa nada. Mesmo respecto do que lle factura ao Concello, fácil de contrastar, declara ingresos menores dos que realmente constan como pagados desde o propio Concello.

Non é unha cuestión menor o tema dos abonados, posto que cada un supón un beneficio extra para a empresa pola exclusividade das conexións e pola cota fixa que pasa a percibir Aqualia, e ascende a máis de dez mil euros anuais por cada cen novos usuarios, independentemente dos consumos. **Cada novo abonado colabora igualmente na súa tarifa coa parte correspondente de amortización dunhas inversións que descoñecemos.**

No contrato asinado entre Concello e concesionaria consta que na tarifa se incluíría unha parte como canon que deberá abonarse ao Concello. Non nos consta. Aqualia só cobra, non paga. Só hai un xeito de saber a verdade, cos datos obxectivos á nosa disposición. Pero semella que **o señor alcalde non está pola labor**. Debe ser por que suporía un exceso de transparencia.

En vindeiras datas ampliaremos a documentación cos datos cos que contamos e coa análise máis polo miúdo. Que cada quen xulgue despois se a resposta máis adecuada é descualificarnos e insultarnos ou **debería escoitarnos e, xuntos, tódolos membros da corporación, facer unha análise en profundidade desta concesión**.

Redondela, a 27 de outubro de 2017.